

BOLETÍN EJERCICIOS "AS PLANTAS" 1º E.S.O

1. Completa as características do reino Plantas coas palabras do recadro:

parede celular -materia inorgánica -fixos- eucariotas - fotosíntese - autótrofa -
pluricelulares - tecidos - luz do sol - movementos

- a) Todas as plantas son organismos _____ e as súas células organízanse en _____.
- b) Están constituídas por células _____ vexetais, caracterizadas por presentar _____ e cloroplastos.
- c) Teñen nutrición _____ e realizan a _____ para fabricar materia orgánica a partir de _____ empregando como fonte de enerxía _____.
- d) Son organismos que viven _____ a un solo, aínda que poden realizar certos _____.


2. Clasifica as plantas da primeira columna poñendo unha X no cadro que lle corresponda:

	Briófitas	Pteridófitas	Ximnospermas	Anxiospermas
Carballo				
Musgo				
Piñeiro				
Fento				
Abeto				
Lirio				

3. Averigua a que grupos de plantas (briófitas, pteridófitas, ximnospermas ou anxiospermas) pertencen as seguintes características:

- a) Son as plantas de estrutura máis sinxela, non teñen tecidos especializados _____
- b) As sementes atópanse nús, sen estar protexidas por un froito _____
- c) Comprenden todas as plantas que producen froitos _____
- d) Reprodúcense por esporas e teñen tecidos condutores _____


4. Indica que procesos representan as imaxes e completa:



5. Relaciona (asociando cada número coa letra ou letras correspondentes) os órganos vexetais coas funcións que realizan:

1. Raíz 2. Talo 3. Folla	a. Transporta os nutrientes elaborados pola planta.
	b. Fixa a planta ao solo
	c. Ten lugar o intercambio gasoso
	d. Absorbe auga e sales minerais
	e. Mantén erguida á planta
	f. Pode acumular substancias de reserva
	g. Realiza a transpiración

6. Indica o nome dos diferentes órganos da planta:




7. Contesta ás seguintes cuestións:

- a) Mediante que proceso fabrican as plantas as súas substancias orgánicas?
- b) Como as utilizan para obter enerxía por combustión?
- c) Por que as plantas só liberan osíxeno durante o día?
- d) Que gas liberan as plantas pola noite? Razona a resposta.

8. Indica se as seguintes oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F). Corrixe as falsas:

- a) Os pelos absorbentes atópanse na superficie das follas.
- b) O talo ten unhas pequenas protuberancias chamadas nós.
- c) As follas poden acumular substancias de reserva.
- d) A parte ancha e lisa da folla é o limbo.
- e) Nos pelos absorbentes ten lugar a fotosíntese.
- f) A parte superior da folla denomínase envés.
- g) As zonas de crecemento lateral do talo denomínanse xemas apicais.

9. Observa a seguinte imaxe e responde ás cuestións:



- a) Identifica o elemento da imaxe.
- b) Onde se localiza?
- c) Cal é a función destas estruturas?

10. Completa as oracións coas palabras do recadro:

Sales minerais- xilema- zume elaborado- pelos absorbentes - zume bruto- floema

- a) As plantas toman o auga e as _____ do solo grazas aos _____.
- b) Os nutrientes absorbidos polas raíces forman unha mestura denominada _____ e as substancias producidas na fotosíntese constitúen o _____.
- c) O zume elaborado circula polo tecido denominado _____ e o zume bruto é transportado polo _____.

11. Escribe a palabra que corresponde ás seguintes definicións:

- a) Resposta que xeran cambios permanentes no crecemento dunha planta: _____
- b) Respostas temporais a estímulos: _____

12. Escribe en cada caso se é un exemplo de tropismo (T) ou nastia (N):


- a) A planta mimosa pecha as follas cando algo as toca e pasado un tempo, as volve a abrir.
- b) As raíces das plantas tenden a crecer cara o interior da terra.
- c) As flores da herba triste ábreanse ao anoitecer.
- d) Unha planta carnívora pechas as súas follas para atrapar unha mosca.
- e) A hedra trepa por unha parede.
- f) Cando a humidade do medio é baixa, péchanse os estomas para evitar a perda de auga.

13. Relaciona os tipos de nastias coas súas características: (une cada letra co seu número):

- | | |
|------------------|---|
| a) Quimionastias | 1. Pechar as flores pola noite. |
| b) Fotonastias | 2. Pechar as follas para atrapar insectos. |
| c) Termonastias | 3. Abrir ou pechar as flores segundo a temperatura. |
| d) Sismonastias | 4. Pechar os estomas. |

14. a) Indica a función que representan as imaxes.
 b) Sinala o tipo de resposta que representa cada imaxe.

A: _____
 B: _____
 C: _____
 D: _____



15. Relaciona, unindo as letras cos números, os elementos das dúas columnas:

a. Reprodución asexual

1. Unión de dous gametos

2. Fórmase unha nova planta a partir dun estolón

b. Reprodución sexual

3. Só intervén un individuo


4. Intervenven dous individuos

5. Os novos individuos son idénticos ao proxenitor

6. A nova planta presenta características dos dous proxenitores

7. Non hai unión de gametos

16. Observa a seguinte imaxe e indica o nome das partes sinaladas mediante frechas:



17. Completa as seguintes oracións:

a) A corola está formada por un conxunto de _____ normalmente de cores vistosas.

b) O cáliz está formado por unhas follas pequenas e verdes denominadas _____.

- c) A parte que une a flor ao talo é o _____.
- d) Os _____ son os órganos reprodutores masculinos. Están formados por unha parte delgada e alongada, denominada _____ e un engrosamento final, que recibe o nome de _____.
- e) O _____ é o órgano reprodutor feminino. Ten forma de botella e a súa parte superior denomínase _____, o pescozo recibe o nome de _____ e a base é o _____.

18. Debuxa un estame e un pistilo e indica as diferentes partes de ambos órganos reprodutores.

19. Ordena as seguintes etapas que teñen lugar na reprodución das anxiospermas:

- a) Dispersión da semente
- b) Polinización
- c) Desenvolvemento do tubo polínico
- d) Fecundación do óvulo
- e) Formación da semente
- f) Xerminación da semente
- g) Formación do froito

20. Completa as seguintes oracións:

- a) Polinización levada a cabo a través do vento: _____
- b) Polinización levada a cabo a través dos insectos: _____
- c) Catro formas de reprodución asexual son: _____, _____, _____ e _____.
- d) A _____ é o conxunto de pétalos e o _____ é o conxunto de sépalos.
- e) Un estame está formado por unha _____ e un _____.
- f) As tres partes do pistilo son: _____, _____ e _____.

21. Indica se as seguintes oracións se corresponden con plantas ximnospermas ou con plantas anxiospermas:

1. A roseira pertence a ese grupo de plantas.
2. Teñen flores moi rechamantes.
3. Carecen de verdadeiro froito.
4. Sementes libres ou semiprotexidas nunhas estruturas (piñas).
5. O piñeiro pertence a ese grupo de plantas.
6. Posúen flores pouco rechamantes chamadas conos.
7. As sementes están protexidas dentro dun froito.
8. As súas flores teñen envolturas protectoras e envolturas sexuais.

22. Responde ás seguintes cuestións:

- a) De que tres formas se pode producir a polinización?
- b) En que estrutura se transforma o óvulo fecundado?
- c) Como se denominan as reservas alimenticias que contén a semente?

23. Indica se as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas (as falsas debes correxilas):

- a) A polinización é o proceso de dispersión das sementes.
- b) A parte masculina da flor está formada polo pistilo.
- c) As flores das anxiospermas son pouco rechamantes e denomínanse conos.
- d) No fototropismo positivo a planta se afasta da luz do sol.
- e) Cando hai pouca humidade no medio, as plantas abren os seus estomas.
- f) O xilema está formado por vasos liberianos e o floema está formado por vasos leñosos.
- g) Na fase de transporte, o zume bruto transpórtase dende o talo a todas as partes da planta.
- h) Os fentos non teñen vasos condutores e presentan tres elementos: rizoide, cauloide e filoide.
- i) As xemas axilares producen o crecemento en lonxitude do talo.